

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE OCTUBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao (BNG) D^a.M^a

Luísa Pernas Quelle (BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)
(incorporouse á sesión sendo as 19:20 h.)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dez de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia da Alcalde-Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACION DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (ORDINARIA DO 16.08.2016 e EXTRAORDINARIAS - URGENTES DO 18.08.2016, 25.08.2016, 27.08.2016 e 03.10.2016.). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias anteriores de

datas 16/08/2016, 18/08/2016, 25/08/2016, 27/08/2016 e 03/10/2016.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar os borradores das devanditas actas.

2º.- CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2015. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame emitido pola Comisión Especial de Contas de data 5 de outubro de 2016 que a seguir se transcribe íntegramente:

1º) CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2015.

Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2015, elaborada pola Interventora Municipal.

Incluese igualmente no expediente de razón, a liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2015, aprobada por decreto de Alcaldía de data 26 de xaneiro de 2016.

Dase conta igualmente que a Conta Xeral do 2015 unha vez dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 18 de agosto de 2016 foi sometida ao preceptivo trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 195 de data 25 de agosto de 2016.

Obra no expediente certificación de Secretaría de data 22/09/2016 na que se acredita que no prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación,

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rap e Meitin Guerreiro e coa abstención dos Srs. López Hermida e Fernández Louzao quen manifestans que se pronunciará non Pleno; acorda :

1º) Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio 2015 e dar traslado da mesma ao pleno corporativo para o seu coñecemento e, se é o caso, aprobación.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2015.

3º.- INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016. DAR CONTA.

Por Secretaría dase conta á Corporación do informe do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

O Concello Pleno dáse por enterado.

4º.- INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2017. DAR CONTA.

Por Secretaría dase conta á Corporación do informe do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

O Concello Pleno dáse por enterado.

5º.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL AO 31.12.2015. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado para a preceptiva rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal no que se reflicten as variacións habidas no mesmo durante o exercicio de 2015, engadindo as altas e baixas que por erro non foron incluídas no exercicio no que se aprobou “ex-novo” o Inventario; asimesmo polo Secretario Municipal informase que no presente expediente reflíctese a actualización da valoración dos bens inmoebles de titularidade municipal e igualmente reflíctese o troco efectuado na calificación urbanística e consecuentemente na súa valoración daquelas parcelas ubicadas en solo de núcleo rural consonte o novo plan Xeral de Ordenación municipal estaban calificadas e valoradas como rústicas e agora pasan a estar calificadas e valoradas como urbanas.

Consonte ós datos obrantes no citado expediente, o cómputo do importe das altas minorado co importe das baixas, así como as modificacións nas valoracións anteriormente citadas determinan un importe de 6.267.243,08 € polo que con data 31 de decembro de 2015 o Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal acada un importe total de 18.151.225,18 €

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal correspondente ó exercicio de 2015 nos termos anteriormente transcritos.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

6.- INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DO LÍMITE DE DÉBEDA. DAR CONTA.

Por Secretaría dase conta á Corporación do informe do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do mesmo.

O Concello Pleno dáse por enterado.

Neste momento, sendo as 19:20 horas, coa autorización da presidencia, incorpórase á Sesión a Concelleira D^a M^a Rosario Balseiro López

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

1º) Polo Sr. Fernández Louzao pregúntase se dende o Concello fíxose algunha xestión cos propietarios dos terreos que están detrais da gardería municipal para que procedan ó desbroce e limpeza dos mesmos, xa que se atopan nunhas condicións totalmente insalubres e perigosas.

Pola Concelleira Delegada de Medioambiente contestase que xa se comunicou ós propietarios a obriga que teñen de manter limpos os terreos e tamén deuse conta ó Servizo Forestal, xa que a cantidade de maleza existente é un risco claro de incendio.

Pola súa banda o Sr. Alcalde manifesta que na vindeira semana terá unha entrevista persoal cos propietarios dos terreos, que viven fora de Xove, para tratar este e outros temas, por exemplo, a posibilidade de que o Concello compre ditos terreos que están lindando coa Gardería Municipal.

2º) Polo Sr. López Hermida recordase que no pleno de outubro do ano pasado xa se tratou o tema de ampliar a subvención parcial do Bonobus para aqueles estudantes de Xove que están matriculados en centros de Vigo e Ourense, sen que ata a data se houbera solucionado este asunto.

Pola Concelleira Delegada de Educación manifestase que o difícil nestes casos é a xustificación da subvención ou axuda que se poida habilitar dende o Concello, xa que estamos a falar dunha axuda finalista, específica para gastos de transporte, engadindo en calquera caso, poñerase en contacto cos estudantes afectados para tratar o tema.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e corenta minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que eu como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,